



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en xullo de 2024

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xullo do ano 2024 acadou a cifra de 1.093.374 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de xuño de 2024 de 8.503 afiliacións (0,78%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 21.383.106, rexistrando un descenso do 0,05% con respecto ao pasado mes de xuño.


Na comparativa interanual (xullo de 2024 con xullo de 2023) obsérvase un aumento de 15.245 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,41%) e un aumento do 2,35% (491.221 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xuño de 2024, rexístrase un incremento das afiliacións en nove comunidades autónomas, destacando Cantabria (2,13%) e Illes Balears (1,98%); mentres que en oito comunidades autónomas rexístrase un descenso das afiliacións, sendo o País Vasco (-0,70%) a que sofre o maior descenso. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Madrid, Canarias, Illes Balears e Comunitat Valenciana con taxas interanuais superiores ao 2,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2024 | VARIACIÓNS | | | |
|----------------------|--------------------------------|---------------|--------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| España | 21.383.106 | -9.783 | -0,05 | 491.221 | 2,35 |
| Galicia | 1.093.374 | 8.503 | 0,78 | 15.245 | 1,41 |
| Andalucía | 3.415.837 | -11.829 | -0,35 | 71.724 | 2,14 |
| Aragón | 627.950 | -2.138 | -0,34 | 13.293 | 2,16 |
| Asturias | 390.492 | 3.386 | 0,87 | 6.090 | 1,58 |
| Illes Balears | 654.357 | 12.722 | 1,98 | 19.000 | 2,99 |
| Canarias | 905.519 | -5.028 | -0,55 | 30.416 | 3,48 |
| Cantabria | 238.998 | 4.992 | 2,13 | 3.145 | 1,33 |
| Castilla La Mancha | 795.176 | 2.920 | 0,37 | 11.811 | 1,51 |
| Castilla y León | 990.429 | 6.427 | 0,65 | 19.613 | 2,02 |
| Cataluña | 3.836.076 | 3.363 | 0,09 | 82.363 | 2,19 |
| Comunitat Valenciana | 2.160.211 | 1.986 | 0,09 | 54.533 | 2,59 |
| Extremadura | 420.456 | 1.426 | 0,34 | 1.803 | 0,43 |
| Madrid | 3.681.104 | -25.530 | -0,69 | 126.237 | 3,55 |
| Murcia | 664.015 | -1.426 | -0,21 | 15.504 | 2,39 |
| Navarra | 310.252 | -1.093 | -0,35 | 4.077 | 1,33 |
| País Vasco | 1.012.638 | -7.135 | -0,70 | 13.903 | 1,39 |
| La Rioja | 138.378 | -847 | -0,61 | 3.292 | 2,44 |
| Ceuta e Melilla | 47.845 | -481 | -1,00 | -829 | -1,70 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social subiu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,02%, seguida de Pontevedra (1,25%), Ourense (0,74%) e Lugo (0,26%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xullo con respecto ás do mes de xuño, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,78%. As catro provincias galegas presentan unha taxa de variación intermensual positiva: Pontevedra (1,15%), Lugo (1,10%), A Coruña (0,48%) e Ourense (0,45%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

| PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2024 | VARIACIÓN | | | |
|----------------|-----------------------------|---------------|--------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 473.792 | 2.254 | 0,48 | 9.393 | 2,02 |
| LUGO | 127.965 | 1.390 | 1,10 | 326 | 0,26 |
| OURENSE | 107.374 | 481 | 0,45 | 794 | 0,74 |
| PONTEVEDRA | 384.244 | 4.378 | 1,15 | 4.733 | 1,25 |
| GALICIA | 1.093.374 | 8.503 | 0,78 | 15.245 | 1,41 |
| ESPAÑA | 21.383.106 | -9.783 | -0,05 | 491.221 | 2,35 |


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,47% das afiliacións galegas en xullo de 2024, aumentaron un 0,97% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,04%. En España estas taxas foron do -0,04% con respecto a xuño de 2024 e do 2,60% en relación ao mes de xullo de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,47%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,93%), Ourense (-1,54%), A Coruña (-0,11%) e Pontevedra (-0,03%) amosan unha taxa de variación interanual negativa. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,52%. Para este réxime e con respecto ao mes de xuño de 2024, suben as afiliacións en Pontevedra (0,14%); mentres que baixan en Ourense (-0,40%), Lugo (-0,24%) e A Coruña (-0,14%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,09%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,10% e unha baixada intermensual do 0,15%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xullo de 2023, baixan as afiliacións na Coruña (-6,36%), Pontevedra (-4,63%) e Lugo (-4,40%). A taxa galega acaba entón o -5,09%, inferior á de España (-1,23%). Con respecto a xuño de 2024, Lugo (2,33%), Pontevedra (2,07%) e A Coruña (1,63%) presentan unha taxa de variación intermensual positiva. A taxa galega amosa un incremento do 1,97% con respecto a xuño de 2024. A taxa nacional é do 2,64%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

| RÉXIME E PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2024 | VARIACIÓN RELATIVAS | |
|------------------------------|--------------------------------|---------------------|------------|
| | | MES ANTERIOR | INTERANUAL |
| TOTAL SISTEMA | | | |
| A CORUÑA | 473.792 | 0,48 | 2,02 |
| LUGO | 127.965 | 1,10 | 0,26 |
| OURENSE | 107.374 | 0,45 | 0,74 |
| PONTEVEDRA | 384.244 | 1,15 | 1,25 |
| GALICIA | 1.093.374 | 0,78 | 1,41 |
| ESPAÑA | 21.383.106 | -0,05 | 2,35 |
| R. XERAL | | | |
| A CORUÑA | 384.682 | 0,60 | 2,62 |
| LUGO | 95.301 | 1,53 | 1,07 |
| OURENSE | 85.068 | 0,68 | 1,36 |
| PONTEVEDRA | 303.899 | 1,35 | 1,79 |
| GALICIA | 868.950 | 0,97 | 2,04 |
| ESPAÑA | 17.933.773 | -0,04 | 2,60 |
| R. ESPECIAL AUTÓNOMOS | | | |
| A CORUÑA | 83.948 | -0,14 | -0,11 |
| LUGO | 31.269 | -0,24 | -1,93 |
| OURENSE | 22.306 | -0,40 | -1,54 |
| PONTEVEDRA | 67.989 | 0,14 | -0,03 |
| GALICIA | 205.512 | -0,09 | -0,52 |
| ESPAÑA | 3.381.485 | -0,15 | 1,10 |
| R. ESPECIAL DO MAR | | | |
| A CORUÑA | 5.162 | 1,63 | -6,36 |
| LUGO | 1.394 | 2,33 | -4,40 |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 12.356 | 2,07 | -4,63 |
| GALICIA | 18.912 | 1,97 | -5,09 |
| ESPAÑA | 66.936 | 2,64 | -1,23 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>